

Cando chegamos a certa idade, o paso do tempo comeza a ser percibido como unha lousa. Pero non polos anos que xa levamos na mochila senón porque comezan a desfilar –e non precozmente– cara ao alén aqueles que un día foron o ariete da modernidade que vivimos e partillamos. Esta sensación tiven cando a piques de rematar o marzo pasado morreu Moncho Alpuente.

Coincidín con el nunha circunstancia que non era a máis propicia para presentacións: íamos nun coche da policía, camiño da DGS da Porta do Sol madrileña, despois dunha actuación concerto da Daniel Viglietti no Teatro Monumental de Madrid unha noite de finais de maio de 1974. Cando acabou o concerto, un grupo do FRAP provocou –sospeitosamente– unha manifestación que rematou con douscentos detidos e a expulsión inmediata de España do cantautor uruguiaio.

Eu xa tiña referencias de quen era Moncho Alpuente (membro daqueles grupos musicais rompedores que foron Las Madres del Cordeiro e Desde Santurce a Bilbao Blues Band). Vistos desde Barcelona, supuña unha complicidade para os que tamén estabamos na onda dunha música distinta. E con Moncho Alpuente, outros músicos que desde a recreación da canción tradicional ou desde o rock, propuña un discurso e unha música insólitos para aquel Madrid dominado pola cor gris da ditadura. Lembro agora a Hilario Camacho, Elisa Serna, Julia León, Manuel Toharia e, despois, Luís Pastor ou o Gran Wyoming. E, desde as ondas, Gonzalo García-Pelayo ou Fernando Delgado.

Era aquel un movemento forzosamente espontáneo, á contra dun franquismo serodio pero aínda activo e en plenitude. Esgotada a vía musical, Moncho Alpuente encetou o camiño do xornalismo, sempre desde o seu barrio de Malasaña natal, con Popular FM e –quen o diría– en TVE con *Mundo pop* e *Pop-grama*. Desapare-



Moncho Alpuente
(1949-2015).

Tempos modernos

Moncho Alpuente cronista da *movida*

JOAQUIM VENTURA



Antón Reixa.



Cartel do film de Pedro Almodóvar *Pepi, Luci, Bom y otras chicas del montón* (1980).

A chamada “movida madrileña” actuou – cousas da capitalidade– de pantalla que proxectaba como xeral do país o que –sen negarlle importancia– non pasou de fenómeno local. Movemento que moitas veces agochou outras iniciativas innovadoras que non por iso negaban unhas sólidas raíces na cultura tradicional.

Fronte a Madrid, Barcelona iniciara antes un movemento contestatario político, cultural e social cando o franquismo desaparecera do imaxinario colectivo (Zelete, Pau Riba, Sisa, a

música laietana, C.E.Dharma, os festivais de Canet de Mar). Un movemento que anos despois foi o peripiaño do festival de clausura dos Xogos Olímpicos.

“Hai moito ye-ye”

Pero Vigo tamén foi protagonista daquela renovación. A partir de locais como Satchmo, Angara, Kremlin, El Manco de Lepanto ou Ruralex, foron callando diversos grupos de rock al-

ternativo: TrenVigo, Bar, Siniestro Total, Golpes Bajos, Os Resentidos (con Antón Reixa), Aerolíneas Federales, Semen Up ou Ultramarinos Troncoso. Dalgún xeito, a *movida* viguesa respondía a un esquema semellante ao barcelonés e non tanto ao de oficialidade agochada que era a madrileña, se ben o emprego en moitos casos do castelán as fixo converxer, pero xa ben entrados nos oitenta. Unha modernidade, a viguesa, que cos anos foi asumida polo conxunto da cidade fronte a tranquilidade que seguen a ter outras poboacións galegas.

cida a ditadura, Madrid urxía un lavado de cara, tanto por esixencia lóxica dos seus cidadáns como pola necesidade oficial dunha nacente homologación europea.

E coa mellor das vontades, desde o goberno do concello e desde outras instancias oficiais (radio e televisión: “La bola de cristal”, “Si yo fuera presidente”) decretouse que Madrid tiña que ser moderna. Así, pasouse da caspa oficial de apenas uns poucos anos antes (o síndrome do “veciño do quinto”) á modernidade queiras ou non: Almodóvar, Alaska y los Pegamoides, Ramoncín, Carmen Maura, Nacha Pop, Kaka de luxe, Aviadro Dro, Los Secretos, Radio Futura.

A “locura” da ambigüidade sexual e a contracultura colleron carta de natureza oficial.

Pero, por sorte, algúns xa viñan de antes e tiñan discurso e argumentos para poder establecer que había de auténtico e que de postizo (velaí a evolución de Ágatha Ruiz de la Prada). Un deles era Moncho Alpuente, que soubo destilar o mellor do movemento con programas como “Madrid me mata” en Radio El País. Tamén estableceu un modelo de xornalismo distinto –sempre desde o máximo rigor– con o suplemento “El País Imaginario” e “El chafardero indomable” (*El País*).

Decretoise, queiras ou non, que a cidade de Madrid tiña que ser moderna

Non este o lugar nin agora o momento de facer balance do que foi aquilo. Pero Moncho Alpuente, a bonhomía en persoa, sempre foi o termómetro para coñecer o estado dunha cidade que pasou dunha febre –ás veces inducida– que presaxiaba un colapso a unha nova prostración presidida pola cultura de sempre, dirixida polo prestixio institucionalizado e alimentado polos orzamentos públicos e por unhas entidades financeiras montadas na ola do desenfrenado da especulación. Pero mentres Moncho Alpuente estivo ao pé do cañón, colaborando en multitude de iniciativas alternativas, tivemos a garantía da supervivencia desoutra cultura popular e urbana, resistente fronte ao poder dos poderosos e do establishment.